



Literatura

CRONOLOXÍA DE MANUEL MURGUIA

Henrique Rabuñal

17-V-1833: nace en Arteixo (Froxel-Oseiro), na casa do labrego Antonio Pan, o 17 de maio de 1833, fillo da moza basca Concepción Murguía Egaña, e do boticario liberal compostelano Xoán Martínez de Castro. O día 18 de maio é bautizado en Pastoriza.

27-VII-1833: casan os pais de Murguía na igrexa coruñesa de San Nicolás de Bari.

1834-1851: educa-se e vive en Santiago co seu irmán Nicolás, dous anos máis novo ca el, compañeiro de estudos de Pondal e morto prematuramente en Cuba.

1846: aos 13 anos, é testemuña do levantamento de Solís. Frecuenta o Liceo de la Juventud.

1851: con 19 anos, temo-lo xa en Madrid e non para estudar farmácia senón para entregar-se en corpo e alma ás artes e ás letras publicando nos mellores xornais e revistas da capital e nalguns de Galiza -como *La Oliva* e *El Miño*- numerosas obras de ficción así como

ensaios de temática galega ou crónicas de sociedade. 1854: publica a exitosa noveliña *Desde el cielo*, aparecida en *La Iberia*.

1856: nunha viaxe a Galiza coñece a Benito Vicetto e ve-se con Aguirre. Nese ano *La Oliva* edita o seu poema "Nena d'as soledades".

1857: Murguía asina en *La Iberia* unha recensión de *La Flor*, obra de Rosalía. En Madrid amplía ou comeza relacións intelectuais e humanas con figuras tan destacadas como os irmáns Chao e os Avedaño, o pintor Federico Ruiz, o editor Xoán Compañel, Xosé Rodríguez Seoane ou Ventura Ruiz Aguilera. O vigués Alexandre Chao (1835-1894) é unha das figuras máis próximas e íntimas de Murguía. Naqueles anos 50, entra en contacto con Vicetto e fai-se mozo de Rosalía de Castro.

10-X-1858: casa con Rosalía, en Madrid, na igrexa de San Ildefonso.



1859: primeira edición de *La primera luz*. Instalado en Compostela o casal, nace o 12 de maio a primoxénita, Alexandra Teresa (falecida en 1937), bautizada na cidade do Apóstolo e andado o tempo excelente debuxante.

1862: presentes Murguía e Rosalia no *Álbum de la caridad*, o noso escritor orienta a súa produción cara a investigación histórica, literaria e cultural do país. Comeza a edición do inconcluso *Diccionario de escritores gallegos*.

1865-1866: aparecen os dous primeiros volumes da *Historia de Galicia*. Optando polo rigor documentalista, a apelación a textos escritos e o uso dunha bibliografía solvente, ofrece xa, segundo as concepcións orgánico-historicistas, unha teoría de nación: Galiza é unha nación natural e espontánea, herdeira da raza superior celta, falante dun idioma propio, habitante dun territorio definido, e posuidora duns costumes, unha mitoloxía, unhas institucións e un folclore senlleiros.

1868: nace Aura (falecida en 1942). 2ª edición de *La primera luz*. Secretário da Xunta Revolucionaria de Santiago en 1868 e designado Xefe do Corpo de Arquivos con destino en Simancas (Valladolid) onde permanece até 1870.

1870-1875: nomeado Director do Arquivo Xeral do Reino de Galiza vive na Coruña estes anos. Daquela perde o emprego e até 1892 non o ten estábel.

1871: o dous de xullo nacen os xémeos Gala (1871-1964) e Ovídio (1871-1900) en Lestrove.

1873: nace Amara (1873-1921) na Coruña o 17 de xullo.

1875: nace Adriano, falecido nun accidente en 1876.

1877: nace morta Valentina o 14 de febreiro.

1879-1881: Murguía volta a Madrid onde dirixe *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879-1881) que promove Alexandre Chao. Na *Ilustración* xunto cunha cultura extensa e actualizada, Murguía deixa ver os seus intereses: desde a literatura á pesca, desde a lingua á música, desde a economía aos asuntos sociais, desde o tema da propiedade até a emigración, desde a industria ás artes e á educación, desde as comunicacións até os comentários sociais.

1882: edita a súa monografía sobre *El foro*.

1885: morre Rosalia de Castro.

1886: edita *Los Precursores* para ollar ao pasado, ser o seu cronista e o seu notario e para incidir na vida pública galega. Faraldo representa a acción política iniciadora do nacionalismo e a xerazón comprometida cos





sucesos do 46. Vicetto é visto como outro entusiasta camarada do pasado. Aguirre era para Murguía un dos mellores amigos, un tipo progresista que está no Banquete de Conxo. Pondal é un dos grandes camaradas de Murguía, compartiron viaxes, libros, ideais. Pouco se pode dicir de Rosalía, porque a vida dela e a vida de Murguía están confundidas, invadidas unha pola outra. Tamén evoca o escritor Felix Moreno Astray, a pintura de Serafin Avendaño, a arte de Antón Cendón e as fazañas de Leonardo Sánchez Deus. No intenso período rexionalista, Murguía preside o certame de O Galiciano e defende o carácter plurinacional de España en *La Región Gallega*.

1888: III volume da *Historia de Galicia*. Edita o *Galicia* onde insiste nos seus postulados ideolóxicos desde o celtismo até os testemuños dun poder galego coas súas propias institucións (Xunta do Reino, Audiencia e Armada) pasando pola mitoloxía popular. Para alén de evidenciar a nosa historia, visita as cidades e vilas, a súa arquitectura, os mitos e as súas figuras ilustres.

1889: Murguía sai ao paso de determinados aspectos do discurso de ingreso de Sánchez Moguel na Academia de Historia, (Madrid, 1888) en *El regionalismo gallego* onde acusa ao novo académico de ser partidario do estado uno, indivisible e coercitivo, de confundir estado e nación e de non querer ou non saber entender o discurso rexionalista. Murguía non quer que Galiza sexa tratada como unha colonia e exige autogoberno, misa e escola en galego, oficialidade do noso idioma propio, xente do país para dirixir a xustiza ou as institucións ao tempo que reitera o seu coñecido ideario nacionalista, rebate a teoría histórica de Moguel e censura a acción centralista do estado español na Galiza, privada de bispos e oidores galegos.

1890-1892: En 1890, participa en Barcelona nos Xogos Florais e pronuncia o seu célebre discurso "Orixes e desenvolvemento do rexionalismo na Galiza" onde historia o débil rexionalismo galego, propugna a fundación dun partido rexionalista, lamenta que non teñamos na Galiza un grande centro urbano como Barcelona e rende homenaxe aos galegos da diáspora. Naquel ano 1890 funda-se a Asociación Rexionalista Galega que reclama representantes galegos en Cortes así como actuacións que favorezan as artes, a industria e a agricultura do noso país. A A.R.G. crea o seu xornal *La Patria Gallega*, dirixido polo mesmo Murguía, quen publica o seu texto "Donde estábamos, estamos". As principais actividades da Asociación foron a súa parti-





cipación no traslado dos restos mortais de Rosalía en 1891 á igrexa de Santo Domingo en Compostela, a celebración dos Xogos Florais de Tui, a homenaxe a Murguía en 1892 e a adhesión á protesta polo posíbel traslado da Capitania Xeral da Coruña a León. O 24 de xuño de 1891, celebran-se en Tui os Xogos Florais que pasan á nosa historia pola reivindicación que se facía do galego e do seu uso en público. No discurso, un Murguía emocionado patentiza a súa imensa ledicia por expresar-se nunha fala case morta que así renacia esperanzadamente, no contexto dunha festa nacional e nacionalista, na que ademais de lembrar mágoas e ofensas pasadas, era preciso proclamar os dereitos do noso povo. Murguía é consciente do labor precursor e comprometido que desde os ilustrados e os primeiros cultivadores do galego no XIX foron criando unha dinámica que prelúdia e explica o Rexurdimento e todos os fenómenos que o caracterizan.

1891: IV volume da *Historia de Galicia*.

1894: Murguía volta á Coruña onde pasa as tres últimas décadas da súa vida traballando no Arquivo da Facenda e desenvolvendo unha intensa actividade intelectual.

1895: edita *En prosa*.

1896: polémica con Juan Valera.

1897: presidente Honorario da Liga Gallega.

1898: publica o seu *Don Diego Gelmirez*.

1905: edita *Los trovadores gallegos*. Traballa con Curros e Fontenla Leal para constituir, xa xubilado, a Academia en 1905 e da que resulta elixido Presidente. No *Boletín* da Academia edita moitos dos seus últimos traballos.

1909: casamento de Aura, a quen lle morreron moi novos dous fillos. Nestes anos participa en actos de homenaxe a Curros, Pondal, Rosalía, Fontenla Leal, Chané, sendo el o homenaxeado en 1913 ao cumprir 80 anos. Sobre Curros e Pondal publicaría en galego dous importantes textos: "A Curros" e "Eduardo Pondal e a súa obra", este editado postumamente.

1911: V volume da *Historia de Galicia*.

1920: unha nova homenaxe a Murguía celebrou-se no Balneario de Mondariz.

1922: casamento de Gala con Pedro Izquierdo en Pastoriza (Arteixo).

1923: morre na Coruña o 2 de febreiro sendo enterrado no camposanto de Santo Amaro.

